

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 28 de outubro de 2015 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2014/15, convocados pola Orde do 26 de xuño de 2015 (Diario Oficial de Galicia do 7 de xullo).*

A Orde do 26 de xuño de 2015 (DOG do 7 de xullo) pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, correspondentes ao curso 2014/15, establece no seu artigo 10.5 que o titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicadas as cualificacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas no portal educativo <https://www.edu.xunta.es>, resoltas as reclamacións presentadas, vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e por proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2014/15 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Esta orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2015

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



## ANEXO

**Premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2014/15**

Sol.	Apelidos e nome	Cód. C.	Centro estudos	Importe
16162	Monteagudo Lago, Pablo	15026388	IES Plurilingüe Fontexería	750 €
17168	Fernández López, Beltrán	15027721	IES Plurilingüe de Ames	750 €
17761	González Fontanals, Fernando	32009360	CPI José García García	750 €
17672	Búa Teijeiro, David	36019062	IES Rosais 2	750 €
16798	Sendón Blanco, Alba	15027885	IES Lamas de Castelo	750 €
16481	Varela Rodríguez, Héctor	15015378	CPR Plurilingüe Compañía de María	750 €
17093	Ardións Liñares, Xíán	15027721	IES Plurilingüe de Ames	750 €
17661	Montoto Pintos, David	15027411	IES de Cacheiras	750 €
17144	Fernández Lema, Cristina	15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	750 €
17164	Franco Pérez, Miguel	32015207	IES O Couto	750 €
17111	Suárez Fernández, Alberto	15026704	IES David Buján	750 €
17475	Vence Nogueira, Xenevra Adriana	15015861	IES Eduardo Pondal	750 €
16819	Vaamonde López, David	15005221	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	750 €
17128	Buján Souto, Saúl Carlos	27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	750 €
17071	Pallares Serantes, Daniel	15026704	IES David Buján	750 €
16669	Regueiro Espiño, Ramón Daniel	15026753	IES A Pontepedriña	750 €
17141	Iglesias Ramas, Andrea	36011531	CPR Plurilingüe Alba	750 €
16840	Vázquez Vázquez, Nazaret	32015207	IES O Couto	750 €
17465	Le Creurer Quinteiro, Nicolás Xoán	36019062	IES Rosais 2	750 €
16274	Corral Sertal, Javier	36016097	CPR Plurilingüe Montesol	750 €

